



**San Sadurniño**  
www.sansadurnino.gal

O Casal, 16  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

## **SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DOS RISCOS LABORAIS**

### **PLAN DE ACCIÓN E CONTINXENCIA DURANTE A PANDEMIA DO COVID-19 NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "A ROLADA"**

**PRL-RM09 02/2021**

**Redactado por:**

**Ignacio Fernández López**  
Técnico superior en  
prevención de riscos laborais

**Aprobado por:**

PO:

**Secundino García Casal**  
Alcalde

**Data de  
redacción:**

05/08/2020

**Data das  
revisións:**

03/09/2020

16/08/2021

 <p>San Sadurniño www.sansadurniño.gal Concello de San Sadurniño</p>	<p>PLAN DE ACCIÓN COVID-19 - EIM <b>PRL-RM09 02/2021</b></p>	<p>SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</p> <p>Páxina 2</p>
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------

## 1. INTRODUCCIÓN

O presente plan de acción redáctase para proceder á xestión preventiva perante a situación de pandemia orixinada polo COVID-19, iniciada o 13 de marzo de 2020, co establecemento do Estado de alarma, no ámbito específico das actividades da Escola Infantil Municipal "A Rolada".

As medidas restritivas implantadas, nomeadamente o confinamento da poboación e a paralización das actividades non esenciais, permitiron controlar a expansión da doenza e aliviar a presión no sistema sanitario, así como reducir a mortalidade.

En todo caso, estas medidas serviron para gañar tempo, pero non para eliminar o problema, que só desaparecerá definitivamente cando se teña unha vacina e esta chegue ao conxunto da poboación.

Ora ben, unha vez contida a expansión, e a partir do mes de maio de 2020, tomáronse medidas de relaxación gradual, ou "desescaladamento", de cara a dar alivio á economía e ás persoas confinadas.

Na nova fase que se abre coa fin do Estado de alarma haberá que reforzar as medidas preventivas, para minimizar un posible incremento no número de casos detectados.

## 2. OBXECTO

O presente plan ten por obxecto establecer as medidas preventivas perante o risco da enfermidade do COVID-19, no ámbito específico das actividades da Escola Infantil Municipal "A Rolada".

## 3. ALCANCE

Este plan faise extensivo ás actividades realizadas polo Concello de San Sadurniño, quer con medios propios, quer con medios alleos, na Escola Infantil Municipal (EIM).

Nomeadamente, trátase de establecer medidas de carácter preventivo que teñen por obxecto a protección de todas as persoas usuarias do centro, así como de todas as persoas integrantes dos equipos técnicos e do resto de persoas traballadoras.

En todo caso, estas medidas poderán ser revisadas en función da evolución da situación epidemiolóxica e da información que trasladen as autoridades sanitarias, e adaptaranse en todo momento ás directrices proporcionadas polas Administracións competentes.

## 4. IDENTIFICACIÓN DO RISCO

O virus SARS-CoV-2, da familia dos coronavirus, provoca a enfermidade do COVID-19, e ten unha elevada transmisibilidade, fundamentalmente por medio dos aerosois da respiración e saliva.

 <p>San Sadurniño www.sansadurnino.gal Concello de San Sadurniño</p>	<p>PLAN DE ACCIÓN COVID-19 - EIM <b>PRL-RM09 02/2021</b></p>	<p>SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</p> <hr/> <p>Páxina 3</p>
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------

Os síntomas da enfermidade adoitan ser leves (febre, tose, malestar xeral), pero nun 20% dos casos pode ter manifestacións clínicas graves, coma a pneumonía, afectando principalmente a persoas con doenzas previas (hipertensión, diabetes, EPOC ...).

O virus ten un período de incubación de entre 2 e 14 días. Ora ben, moitas persoas portadoras son asintomáticas, pero seguen sendo potenciais contaminadoras.

Por este motivo, para limitar os contaxios, é preciso a distancia social e reforzar a hixiene persoal, así como tomar medidas preventivas, principalmente nas mans e na cara.

O coronavirus responsable desta doenza inactívase en presenza de produtos de limpeza habituais: xabón, lixivia, amoníaco ou alcohol.

## 5. AVALIACIÓN DO RISCO

- 5.1. A declaración da pandemia implica a existencia, a nivel mundial, do risco de contaxio por SARS-CoV-2, que pode provocar a doenza do COVID-19.
- 5.2. O risco, tal e como se describiu, é o contaxio do virus SARS-CoV-2, que pode provocar doenzas respiratorias, e que nunha porcentaxe salientable (10%) pode derivar en complicacións respiratorias graves.
- 5.3. Ademais, esta situación de pandemia, de alarma e de confinamento, pode derivar, á súa vez na xeración doutros riscos de tipo organizativo, e mesmo de carácter psicosocial.
- 5.4. Se non se detectan persoas contaxiadas e/ou con sintomatoloxía, o risco é de baixa probabilidade de exposición, e as medidas preventivas son as aplicables a toda a cidadanía.
- 5.5. No caso de que o persoal municipal ou de empresas contratadas tivese que tratar con persoas contaxiadas ou con claros síntomas da doenza, cumprirá tomar medidas preventivas máis estritas.
- 5.6. Nomeadamente, no ámbito das actividades da EIM, os riscos existentes son:
  - 5.6.1. Existencia de aglomeracións e contacto con persoas potencialmente contaminadas
  - 5.6.2. Contacto con superficies potencialmente contaminadas

## 6. ACTUACIÓNS PREVIAS AO COMEZO DA ACTIVIDADE NA EIM

- 6.1. O servizo de prevención de riscos laborais do Concello ou da empresa xestora deberá identificar e valorar as medidas para o persoal especialmente sensible, coas patoloxías indicadas por Sanidade como perigosas, ademais das traballadoras en estado de xestación, polo que será necesaria a correspondente adaptación do seu posto de traballo, coa posibilidade de que se manteñan en situación de IT, análoga ou de teletraballo.



 <p>San Sadurniño www.sansadurniño.gal Concello de San Sadurniño</p>	<p>PLAN DE ACCIÓN COVID-19 - EIM <b>PRL-RM09 02/2021</b></p>	<p>SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</p> <hr/> <p>Páxina 4</p>
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------

- 6.2. En caso de ter síntomas ou cumprir con algún dos criterios da enquisa de autoavaliación recollida como anexo deste Plan, o persoal do centro non poderá ir traballar, especialmente se se ten febre ( $> 37,5^{\circ}\text{C}$ ), síntomas respiratorios ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada. Para casos de contactos ou sospeitas, o persoal traballador solicitará consulta no seu centro de saúde.
- 6.3. Difundiranse as recomendacións da autoridade sanitaria fronte ao coronavirus, mediante carteis no centro de traballo.
- 6.4. Recomendarase ao persoal da EIM o uso de transporte individual entre os seus domicilios e o centro de traballo de xeito preferente.
- 6.5. É necesaria unha adecuada ventilación das instalacións mantendo, cando sexa preciso, unha ventilación cruzada, abrindo portas e ventás opostas. En todo caso, se as condicións climáticas non son favorables, haberá que facer unha ventilación das instalacións de, polo menos, 15 minutos ao comezo e ao final da xornada.


## 7. CUESTIÓN S SOBRE AS MEDIDAS PREVIAS AO COMEZO DA ACTIVIDADE

- 7.1. Manter unha distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas traballadoras propias e alleas. Estas distancias serán de aplicación en xeral con todas as persoas que se relacionen co persoal traballador, agás os nenos e nenas escolarizados e escolarizadas.
- 7.2. Levar un control adecuado de acceso ao centro doutros operadores terceiros. Fixaranse entradas e saídas graduadas nas portas de acceso. Establecerase unha porta de entrada específica para provedores e terceiros, e se fixarán horas e procedementos para entrar na escola.
- 7.3. O persoal debe evitar coincidir en espazos pequenos ou reducidos como vestiarios, zonas de aseo, comedores, almacéns, lavandería e outros similares. En todo caso, a presenza de persoal dependerá da posibilidade de manter distancias mínimas establecidas, procurando non permanecer dentro dos ditos espazos máis aló do tempo imprescindible para o uso e función que ten cada un deles.
- 7.4. Nas actividades grupais do equipo que se leven a cabo evitárase o uso de espazos reducidos, e en todo caso manterase a distancia establecida entre persoa e persoa, e os lugares estarán debidamente ventilados.
- 7.5. Limitarase a frecuencia das reunións individuais ou colectivas coas familias. Primarase a realización de xuntanzas por medios telemáticos. En todo caso, de se manter reunións presenciais, estas faranse en lugares ou instalacións municipais nas que se garanta a distancia de seguridade, sendo obrigatorio o uso de máscara de protección, incluso mantendo esa distancia de seguridade.

## 8. CUESTIÓNS ORGANIZATIVAS


- 8.1. Difundiranse as recomendacións preventivas entre as persoas usuarias do centro. Nomeadamente farase entrega do presente plan e se lles pedirá a súa lectura e colaboración na aplicación práctica das medidas previstas.
- 8.2. A EIM contará cunha persoa que será responsable da coordinación das medidas de prevención e control da COVID-19 que se establecen neste documento. Esta será encargada de contactar coa Xefatura Provincial de Sanidade se existise algún abrocho ou algún caso de sospeita para coordinar as medidas de control. En principio, a persoa que ocupe a dirección da EIM ostentará esta responsabilidade de coordinación.
- 8.3. O centro de saúde de referencia será o de San Sadurniño.
- 8.4. No caso de aparecer un caso positivo da COVID-19 na escola infantil seguiranse as directrices indicadas polas autoridades sanitarias.
- 8.5. O persoal da EIM recibirá unha formación previa ao inicio do curso sobre o uso adecuado das máscaras de protección, a hixiene de mans ou a distancia física.
- 8.6. Comunicaranse, por escrito e con acuse de recibo, as medidas preventivas adoptadas a outras empresas e persoas que poidan prestar algún servizo no centro.
- 8.7. O equipo do centro establecerá, por escrito e en coordinación cos servizos técnicos municipais, as quendas de entrada, saída, comedores e outros para todo o persoal do centro, que se modulará en función do número de traballadores e traballadoras, xornada, ratios en aulas, número de unidades abertas e outros factores propios de cada centro, tendo sempre en conta as medidas de distancia social.
- 8.8. Adaptarase o posto de traballo de aquel persoal que sexa máis vulnerable á infección, sempre tras unha avaliación por parte do Servizo alleo de prevención da empresa prestadora do servizo.
- 8.9. Organizaranse as entradas e saídas dos nenos e nenas, de forma que se evitarán aglomeracións e se manterá a distancia de seguridade pertinente. Os horarios de entrada fíxanse ás 08:00, 08:30, 09:00 e 09:30 horas.
- 8.10. Unha vez recollidos todos os nenos e nenas, as portas da escola permanecerán pechadas.
- 8.11. Limitaranse as tarefas que impliquen contacto entre o persoal concorrente nos diferentes espazos, momentos e rutinas diarias, como a coincidencia co persoal de limpeza.



 <p>San Sadurniño www.sansadurnino.gal Concello de San Sadurniño</p>	<p>PLAN DE ACCIÓN COVID-19 - EIM <b>PRL-RM09 02/2021</b></p>	<p>SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</p> <p>Páxina 6</p>
------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------

## 9. CUESTIÓNS REFERIDAS Á HIXIENE E LIMPEZA

- 9.1. Empregaranse os produtos de desinfección, limpeza e EPIS que se sinalen para cada tarefa, e neste senso utilizaranse produtos recollidos no listado de virucidas redactado polo Ministerio de Sanidade.
- 9.2. Asemade, o persoal da EIM tomará as medidas de protección axeitadas para cada tarefa, especialmente no referente á ventilación das instalacións.
- 9.3. Intensificaranse as frecuencias de limpeza de elementos máis comunmente usados e tocados, sobre todo nos momentos de entrada e saída das persoas usuarias ao centro. O persoal deberá prestar especial atención a estas tarefas.
- 9.4. A roupa de traballo será de uso exclusivo do centro. En ningún caso se virá da casa con ela posta. Á chegada á escola procederase ao cambio da roupa e calzado persoal polo de traballo, gardando todo adecuada e separadamente da do resto do persoal en taquillas individuais. Esta roupa será de uso exclusivo dentro da escola. Da mesma forma, actuarase se se sae da escola durante o descanso, ou deber inescusable e tomaranse as mesmas precaucións. No momento da entrada o persoal traballador procederá á desinfección ou lavado das mans.
- 9.5. Manteranse os vestiarios o máis diáfanos posible, prescindindo de todo o superfluo, de xeito que se facilite a súa limpeza.
- 9.6. O persoal da EIM deberá realizar lavados frecuentes das mans con auga e xabón como primeira opción, dispoñendo de xabóns en todos os baños ou zonas de preparación de alimentos.
- 9.7. Será necesario o lavado de mans logo da hixiene das crianzas, entre cambio e cambio, nos momentos de alimentación, despois de recoller pedidos, mercadorías ou o correo, así como tras a manipulación de obxectos que proveñan de fóra da escola, como mochilas e bolsas de nenos e nenas.
- 9.8. O secado de mans será con papel dun só uso. Disporase de papeleiras con tapa e pedal.
- 9.9. Igualmente poderán empregar solucións hidroalcohólicas en determinados momentos e rutinas que non permitan o lavado entre acción e acción. No caso de uso destas solucións, determinarase un lugar específico para o seu almacenaxe que non teña risco de inflamabilidade.
- 9.10. No caso en que sexa preciso, usaranse luvas dun só uso, nomeadamente para recoller pedidos, mercancía ou albarás, correo postal, así como para a manipulación de obxectos que proveñan de fóra da escola como mochilas e bolsas de nenos e nenas, e outros, que se retirarán inmediatamente despois de realizada a respectiva tarefa, co posterior lavado de mans. Recoméndase preferiblemente lavado de mans para o momento de hixiene das cativas e cativos entre cambio e cambio. Para os momentos de alimentación tamén será recomendable o uso de luvas.

 <p>San Sadurniño www.sansadurnino.gal Concello de San Sadurniño</p>	<p>PLAN DE ACCIÓN COVID-19 - EIM <b>PRL-RM09 02/2021</b></p>	<p>SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</p> <hr/> <p>Páxina 7</p>
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------

- 9.11. Cando se retiren as luvas deberán observarse as recomendacións para a súa retirada, desbotándolas de xeito correcto nun recipiente con tapa, e procedendo de xeito inmediato ao lavado correcto das mans.
- 9.12. Os documentos achegados polas familias durante os períodos de inscrición, matrícula e calquera outro documento puntual ao longo do curso serán preferiblemente escaneados para o seu arquivo informático co fin de minimizar o contacto coa documentación física presentada. Tras a manipulación destes documentos prestarase unha especial atención ao lavado de mans ou desinfección con solución hidroalcohólica.
- 9.13. Cubriranse sempre as vías respiratorias cun pano dun só uso ou co antebrazo ao tusir ou esberrar e desbotalo de xeito adecuado.
- 9.14. Evitarase tocar os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.
- 9.15. Limparanse e desinfectaranse frecuentemente os espazos de uso común, equipamento, e utensilios (obxectos, mesas, superficies, pomos, portas, teléfonos, aparellos de música, billas, interruptores etc).
- 9.16. Será obrigatorio o uso de máscaras de protección hixiénicas ou cirúrxicas, sendo optativo o emprego de pantallas de protección. Estas estarán a disposición do persoal en cantidade suficiente para atender esas situacións e aquelas outras nas que se teña sospeita de que poida haber unha persoa afectada. No caso da aparición dunha persoa do centro con síntomas compatible de COVID-19, se lle facilitará unha máscara cirúrxica en tanto se ille nun espazo previamente establecido polo persoal do centro, separado do resto das persoas á espera de que reciba axuda médica, e a poder ser, convenientemente ventilado.
- 9.17. O persoal que faga uso da pantallas de protección será responsable da súa custodia e limpeza. En todo caso, coa pantalla será obrigatorio a utilización de máscara de protección. Só en momentos puntuais e extremando as precaucións en canto a distanciamento, poderase retirar a máscara para que existan pequenos instantes en que as crianzas poidan recoñecer a cara da persoa educadora, facilitando o apego e a boa relación emocional entre ambos durante a súa xornada.
- 9.18. Os útiles, equipos, utensilios de comida, obxectos de traballo, deberán hixienizarse tras o seu uso.
- 9.19. Non se poderán compartir alimentos, bebidas, utensilios e outros obxectos durante as comidas.
- 9.20. O persoal do centro non poderá utilizar os teléfonos móbiles durante os momentos de atención ás persoas usuarias, e ademais deberá evitar o uso de obxectos persoais durante a súa xornada laboral.



 <p>San Sadurniño www.sansadurnino.gal Concello de San Sadurniño</p>	<p>PLAN DE ACCIÓN COVID-19 - EIM <b>PRL-RM09 02/2021</b></p>	<p>SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</p> <hr/> <p>Páxina 8</p>
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------

#### 10. MEDIDAS RELATIVAS Á CHEGADA E ACCESO AO CENTRO DOS NENOS E NENAS

- 10.1. Os nenos ou nenas que teñan febre (máis de 37,5°C), tose ou síntomas respiratorios, aínda que sexan leves, non acudirán ao centro. De igual modo, aqueles que mantiveron contacto cunha persoa afectada dentro ou fóra da unidade familiar, tampouco deberá acudir ao centro. Non será necesario un informe médico para a xustificación da ausencia, abondará cunha xustificación dos pais ou nais.
- 10.2. O persoal da EIM tomará a temperatura das nenas e dos nenos no momento da súa entrada na instalación.
- 10.3. O material facilitado polas familias deberá ser desinfectado e marcado co nome, antes de gardalo: envases de "toallíñas", cueiros ... Outras pertenzas como zapatillas, gorras, obxectos de apego, etc, serán entregadas ao persoal debidamente marcadas, lavadas e pechadas en bolsas plásticas evitando que saian do centro.
- 10.4. Os recipientes do almorzo e da comida deberán ser, da mesma maneira, desinfectados. Procederase igualmente cos biberóns de leite materno que veñan da casa, antes de ser gardados na neveira. Para a súa desinfección poderase utilizar algún dos virucidas compatibles co uso alimentario aprobados polo Ministerio de Sanidade.

#### 11. MEDIDAS RELATIVAS ÁS ÁCTIVIDADES NAS AULAS

- 11.1. As nenas e nenos beberán por vaso ou biberón de uso exclusivo da escola, con limpeza e desinfección diaria.
- 11.2. Evitarase ou reducirase ao máximo posible as interaccións e intercambios entre as nenas e nenos das distintas aulas ao longo de todos os momentos da xornada. No caso de telo que facer, recoméndase que sexa en actividades ao aire libre e no alumnado do mesmo grupo.
- 11.3. Sobre todo na entrada e na saída, onde poida existir a confluencia de diferentes grupos, limitarase o aforo e promoveranse actividades para que manteñan unha distancia prudente entre os mencionados grupos, extremando se cabe máis as medidas de hixiene.
- 11.4. Nos grupos de convivencia estables formados por un número de nenos e nenas e os seus profesores/educadores, non será preciso manter a distancia de seguridade.
- 11.5. Inclúiranse como rutinas principais as de lavado frecuente de mans con auga e xabón dentro das aulas. Está prohibido o uso de panos ou toallas.
- 11.6. Usarase papel dun só uso nos cambiadores para a muda de cueiros, e desinfectaranse con produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade.
- 11.7. Evitarase o uso de cepillo de dentes. Esta rutina incorporárase no momento no que o equipo poida garantir o uso correcto por parte dos nenos e nenas.



- 11.8. Para a limpeza do nariz empregaranse os panos de papel dun só uso que deben ser eliminados de forma inmediata nun contedor con tapa.
- 11.9. Lavaranse de forma frecuente e esterilizaranse diariamente os chupetes e biberóns de uso exclusivo da escola.

## 12. MEDIDAS RELATIVAS AOS MOMENTOS DE XANTAR

- 12.1. O refrixerio de media mañá servirase sempre de xeito individualizado para evitar que os cativos e cativas compartan utensilios.
- 12.2. As comidas serviranse no comedor, establecendo as seguintes quendas: unidade 1-2 de 12:30 a 13:15 horas, e a unidade 2-3 de 13:15 a 14:00 horas. A unidade 0-1 comerá na súa aula.
- 12.3. Durante o xantar, manteranse as distancias de seguridade entre nenos e nenas nas mesas de comedor na medida do posible, para evitar o intercambio de comida e utensilios.

## 13. MEDIDAS RELATIVAS AOS MOMENTOS DE DESCANSO E DE SONO

- 13.1. Nos momentos de descanso, as camas e berces colocaranse mantendo a distancia de seguridade, ou ben alternando a posición dos cativos e cativas de xeito que non coincidan cara con cara. De non ser posible, poderanse empregar outros espazos para o descanso.
- 13.2. As zonas de sono en bebés adecuaranse preferentemente cos berces debidamente protexidos cos coxíns protectores para evitar contacto entre eles. Estes deben ser limpados e desinfectados con frecuencia.
- 13.3. De non lavarse a roupa de cama todos os días cada neno e nena empregará sempre a mesma.
- 13.4. Lavaranse frecuentemente as sabas a temperatura axeitada entre 60° e 90° e igualmente farase unha desinfección diaria das camas.
- 13.5. Extremarase o coidado de non intercambiar roupa de camas de nenos e nenas.

## 14. OUTRAS RECOMENDACIÓNS NAS INSTALACIÓNS

- 14.1. Usaranse xoguetes e obxectos que se poidan limpar ou desinfectar de xeito sinxelo. De empregarse materias de tea, deben poder lavarse a altas temperaturas. Aconséllase a hixiene de mans antes e despois do uso de obxectos compartidos. Poderán ser empregados por diferentes grupos de convivencia estables sempre e cando se limpen antes e despois de cada grupo.
- 14.2. Fomentarase as propostas en pequeno grupo, onde coincidan poucos nenos e nenas no mesmo espazo. Empregarase materiais que se poidan limpar e

 <p>San Sadurniño www.sansadurnino.gal Concello de San Sadurniño</p>	<p>PLAN DE ACCIÓN COVID-19 - EIM <b>PRL-RM09 02/2021</b></p>	<p>SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</p> <hr/> <p>Páxina 10</p>
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------

desinfectar, axeitados segundo o grupo de idade, xerando distintas posibilidades de xogo.

- 14.3. Habará unha alternancia no uso dos espazos comúns de patios exteriores/interiores ou corredores e distribución de tempos para o seu uso por pequenos grupos.
- 14.4. Darase prioridade ao uso da zona exterior, empregando materiais de doada limpeza e desinfección, intensificándoa, tanto para materiais como elementos de xogo e os espazos no intercambio dos grupos. Restrinxirase o uso de areeiros.
- 14.5. Realizarase unha ventilación frecuente de todos os espazos interiores, aproveitando as saídas ao exterior ou zonas comúns.
- 14.6. Nos períodos de adaptación, as familias poderán acompañar aos nenos e nenas na aula ou no exterior seguindo as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde tendo en conta:
  - Non poderá participar a persoa acompañante que teña síntomas ou que os presentou nos últimos dez días, ou se no mesmo período tivo contacto estreito cunha persoa con COVID-19 confirmada ou con sintomatoloxía.
  - Habará só unha persoa acompañante por neno ou nena
  - Cada acompañante só pode ter contacto co seu fillo ou filla e mantendo a distancia mínima dun metro dos demais, polo que a programación deste período debe ser máis meticulosa
  - As persoas acompañantes seguirán todas as medidas de prevención persoal establecidas, especialmente a hixiene de mans e a máscara ben colocada
  - É importante que neste momento os espazos estean ben ventilados e que se fraccionen os grupos de idade para a menor confluencia de persoas.

## 15. MEDIDAS RELATIVAS ÁS FAMILIAS

- 15.1. As familias tomarán a temperatura dos nenos e nenas na casa antes de levalos á escola. Os e as que teñan febre (máis de 37,5°C), tose ou síntomas respiratorios non acudirán aos centros. De igual modo, aquelas persoas que mantiveron contacto cunha afectada dentro ou fóra da unidade familiar deberán permanecer no domicilio.
- 15.2. Previa á nova incorporación á escola, as familias asinarán un documento responsable onde se comprometen a cumprir as indicacións e medidas de control do virus que se establezan por parte das autoridades sanitarias, ao non ter tido contacto estreito con persoas COVID-19 nos últimos 14 días, a non asistencia da crianza á escola en caso de febre superior a 37,5°C ou outro síntoma de enfermidade, e a comunicación das incidencias que se produzan dentro do ámbito familiar ao centro, entre outras. Esta declaración entregárase xunto co resto da documentación no inicio do curso.



 <p>San Sadurniño www.sansadurnino.gal Concello de San Sadurniño</p>	<p>PLAN DE ACCIÓN COVID-19 - EIM <b>PRL-RM09 02/2021</b></p>	<p>SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</p> <hr/> <p>Páxina 11</p>
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------

- 15.3. De ser detectada febre ou outros síntomas durante a xornada, as familias deberán presentarse no centro coa maior brevidade posible, polo que deberán estar localizables en todo momento. O neno ou nena con síntomas dentro do centro debe ser separado do resto á espera da chegada dos proxenitores.
- 15.4. A entrega e recollida dos nenos e das nenas realizarase por unha soa persoa que acudirá debidamente protexida coa utilización de máscara de protección, mantendo en todo momento as distancias de seguridade respecto do persoal da escola e outros usuarios ou usuarias.
- 15.5. As familias serán as encargadas de retirar o abrigo e o resto de complementos do neno ou nena dentro da galería da EIM.
- 15.6. Pregarase puntualidade ás familias e o cumprimento estrito dos horarios indicados, así como que manteñan a distancia de seguridade entre elas, agardando fóra da galería da EIM. Só acudirá unha persoa adulta por neno ou nena.
- 15.7. As familias deberán permanecer na entrada e non poderán acceder ao interior do centro agás por solicitude expresa do persoal da escola. En todo caso, se a situación o permite, as familias poderán deixar os seus fillos ou fillas directamente nas aulas polos accesos directos externos situados no patio, seguindo os circuítos establecidos de entrada e saída, mantendo as distancias de seguridade e limitando a súa presenza ao tempo mínimo imprescindible.
- 15.8. As familias poderán deixar os carriños nos lugares habilitados nas instalacións do centro.
- 15.9. En relación coa comunicación e intercambio de información diaria coas familias potenciarase o uso de aplicacións como o Whatsapp, correo electrónico ou vía telefónica, para trasladar as incidencias da xornada. A axenda non se entregará, aínda que si será cuberta polo persoal da EIM e as familias disporán dunha ficha plastificada para deixar constancia de información diaria sobre a crianza e que será desinfectada axeitadamente polo persoal do centro.
- 15.10. Fomentarase as vídeo-chamadas para posibilitar o desenvolvemento non presencial das reunións escola/familia. De non ser posible, solicitaranse citas previas para a realización de titorías, sempre tomando as medidas de seguridade e hixiene recomendadas en cada momento polas autoridades sanitarias. Estas reunións terán lugar fóra do horario de atención educativa e fóra das instalacións da EIM. Habilitarase un lugar no Centro municipal de empresas para este tipo de reunións.
- 15.11. As reunións e actividades da ANPA ou outros órganos de representación nas instalacións do centro terán lugar fóra do horario de atención directa aos nenos e ás nenas.
- 15.12. As reunións coas familias de inicio e fin de curso celebraranse en instalacións municipais, onde se poida manter a distancia de seguridade e demais medidas preventivas xerais.

## 16. MEDIDAS RELATIVAS A EMPRESAS EXTERNAS E TERCEIROS ALLEOS AOS CENTROS

- 16.1. O centro comunicará e difundirá as medidas preventivas adoptadas a outras empresas e persoas que poidan prestar algún servizo no centro, dentro da correspondente coordinación da actividade empresarial.
- 16.2. Calquera persoal traballador externo ao centro deberá contemplar as medidas de seguridade establecidas polas súas propias empresas.
- 16.3. Ademais deberán asumir o cumprimento estrito das medidas establecidas neste plan.
- 16.4. Procurarán ter establecida con anterioridade á súa chegada unha hora aproximada que evite interromper as dinámicas do centro. Á súa chegada avisarán mediante o timbre de entrada, ou mediante chama- da telefónica.
- 16.5. O persoal externo non poderá acudir á EIM con febre ( $> 37,5^{\circ} \text{C}$ ), síntomas respiratorios ou se tivo contacto próximo cunha persoa infectada. Para casos de contactos ou sospeitas, o persoal seguirá as indicacións das autoridades sanitarias.
- 16.6. Este persoal externo accederá á EIM, previa autorización e coñecemento da dirección, por unha porta diferente á reservada para os nenos e nenas. Deberán acceder sempre provistos de calzas e con máscaras.
- 16.7. Usarán luvas e xel hidroalcohólico antes de accederen ás dependencias.
- 16.8. No caso de víveres e mercadorías, no caso de precisaren de carros, procederán á súa limpeza previa con líquidos axeitados.
- 16.9. O persoal de cociña será o responsable da desinfección e do gardado en debidas condicións de todo o material recibido.
- 16.10. O persoal que estea realizando períodos de prácticas no centro terá a obriga de cumprir todas as esixencias e requisitos recollidos no presente plan, gardando en todo momento as distancias e as medidas de protección, así como de entregar a mesma declaración responsable que asinan as familias, responsabilizándose de comunicar calquera circunstancia relativa a contactos ou síntomas de COVID-19 de xeito inmediato á dirección do centro, e asinando diariamente a enquisa de autoavaliación recollida no anexo deste plan.

## 17. ACTUACIÓNS NO CASO DE SOSPEITAS OU POLA APARICIÓN DE PERSOAS CON SÍNTOMAS

No caso de que calquera persoa da EIM (alumnado ou persoal docente) presente fóra do centro síntomas compatibles coa COVID-19 non deberá acudir ao centro escolar, e deberá informar desta circunstancia ao centro educativo. Tamén deberá comunicalo ao seu centro de saúde, e cando o persoal sanitario prescriba a realización dunha proba diagnóstica o caso sospeitoso deberá quedar en illamento domiciliario seguindo as indicacións sanitarias correspondentes. Os conviventes dunha persoa con síntomas que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais ata que se confirme o resultado, pero non será necesario que garden corentena.



 <p>San Sadurniño www.sansadurnino.gal Concello de San Sadurniño</p>	<p>PLAN DE ACCIÓN COVID-19 - EIM <b>PRL-RM09 02/2021</b></p>	<p>SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</p> <hr/> <p>Páxina 13</p>
-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------------

No caso de se detectar, no propio centro, calquera persoa da EIM con síntomas compatibles coa COVID-19 (febre maior de 37,5°C, tose seca, dificultade respiratoria, fatiga severa, cansazo, dor muscular, falta de olfacto, falta de gusto, dor de gorxa e diarrea), deberase separar do seu grupo.

No caso das persoas traballadoras, deberán comunicar a situación á persoa coordinadora, e esta á súa vez o porá en coñecemento do persoal técnico municipal. A continuación abandonará a actividade e solicitará no servizo de saúde a realización dunha proba diagnóstica, chamando aos teléfonos 900 400 116 ou 061. No caso de ser positiva deberá seguir as indicacións das autoridades sanitarias, e non se poderá reincorporar ao posto de traballo namentres non teña a autorización médica.

No caso de se detectar síntomas nas persoas usuarias, illaranse do seu grupo nun lugar axeitado e ventilado, e o persoal acompañante colocaranse os equipos de protección individual axeitados (máscara FFP2, pantalla e luvas), así como se procederá á desinfección de mans e de superficies de contacto. Esta circunstancia porase en coñecemento da familia, da persoa coordinadora e do persoal técnico municipal. Así mesmo, tamén haberá que comunicar o feito ás autoridades sanitarias, chamando aos teléfonos 900 400 116 ou 061.

A familia terá que vir recoller ao neno ou nena, para que sexa diagnosticado nos servizos médicos, que de prescribiren a realización de probas, o caso sospeitoso continuará en illamento domiciliario seguindo as indicacións do persoal sanitario correspondente. En caso de ser positivo, deberá seguir as indicacións das autoridades sanitarias, e non se poderá reincorporar á EIM mentres non teña a autorización médica.

Para ambos os casos, a aparición dunha persoa con síntomas na actividade porase en coñecemento das autoridades sanitarias, para que se proceda a realizar probas diagnósticas a todas aquelas persoas do grupo ao que pertencía, así como aqueloutras coas que tivese algún tipo de contacto.

A maiores das pautas anteriores, en todo momento se seguirán as indicacións das autoridades sanitarias competentes, que serán as que tomen as decisións precisas para protexer a saúde das persoas participantes na actividade.

No caso de se confirmar algún positivo, realizarase unha desinfección xeral, de carácter excepcional, de todas as instalacións da EIM, previamente á súa apertura.

## 18. EQUIPOS DE PROTECCIÓN AXEITADOS

### 18.1. Protección respiratoria:

- Máscaras cirúrxicas, de tipo PS, destinadas ás persoas contaxiadas ou con síntomas. Elimínanse logo do seu uso
- Máscaras autofiltrantes, sen válvula, tipo FFP2 ou FFP3, que deberán cumprir a norma UNE-EN 149. Elimínanse logo do seu uso

### 18.2. Luvas:

 <p>San Sadurniño www.sansadurnino.gal Concello de San Sadurniño</p>	<p>PLAN DE ACCIÓN COVID-19 - EIM <b>PRL-RM09 02/2021</b></p>	<p>SISTEMA DE XESTIÓN DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS</p> <p>Páxina 14</p>
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------

- Empregaranse en todo caso as luvas de protección que cumpran a norma UNE-EN-ISO 374.5:2016, ou semellante, no caso de problemas de subministro. Eliminaranse logo do seu uso

#### 19. DURACIÓN

A duración das medidas preventivas expostas virá determinada polas autoridades sanitarias e a propia duración da pandemia.

#### 20. PARTICIPACIÓN E CONSULTAS

O presente plan de acción e continxencia, e as súas posibles modificacións, será posto a disposición da delegada de prevención, para que achegue as consideracións que estime, e da empresa encargada da xestión da EIM.

Igualmente, entregarase unha copia deste plan a todas as familias usuarias da EIM.

#### 21. ANEXOS

- Enquisa de autoavaliación clínica da COVID-19
- Recomendacións de medidas de hixiene e limpeza
- Recomendacións de lavado de mans con auga e xabón
- Recomendacións de medidas de hixiene das mans con preparación hidoralcohólicas
- Recomendacións para o uso de máscaras e EPIS



## ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_ Data: \_\_\_\_\_

SINTOMATOLOXÍA		Si	Non
<b>Síntomas respiratorios</b>	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
<b>Outros síntomas</b>	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		
Existe algún motivo que xustifique os síntomas anteriores por parte do paciente? En caso positivo indique o motivo:			
Ten outro síntoma distinto dos anteriores, sen que coñeza os motivos? En caso positivo, indique cal:			

CONTROL DE CONTACTOS		Si	Non
<b>Tivo CONTACTO nas últimas 3 semanas?</b>	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
<b>CONVIVIU nas últimas 3 semanas?</b>	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

## MEDIDAS DE HIXIENE E LIMPEZA

Nos centros de traballo tanto o empresario como o persoal traballador terán en conta as seguintes medidas de hixiene e limpeza:

➤ As medidas preventivas máis eficaces son as hixiénicas, especialmente o lavado de mans e a hixiene respiratoria, adaptándose a cada actividade.

● **Lavar as mans** é a principal medida de prevención e control da infección. Hai que lavalas con frecuencia durante 40-60 segundos con auga e xabón. Pódense utilizar preparados/solucións de base alcohólica. O uso destes produtos non será adecuado se as mans están visiblemente sucias/contaminadas.

● **Hixiene respiratoria** / etiqueta respiratoria: hai que tusir ou esberrar sobre un pano de papel e desbotalo inmediatamente nun cubo con tapa e pedal; se non hai un pano, tusir ou esberrar sobre a parte interna do cábado para evitar o contacto coa man. Lavar as mans logo de tusir, esberrar ou soar o nariz.



➤ **Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca** porque as mans facilitan a transmisión.

➤ **Aumentar a frecuencia da limpeza ou desinfección** de espazos de traballo e superficies, en especial as que se tocan máis (mobs, pomos das portas, teclados, teléfonos, aseos, etc.). Deixar o posto de traballo o máis despexado posible para facilitar a limpeza.

➤ É **obrigado limpar** a zona de traballo nos **campos de quenda**.

➤ **Asegurar a dispoñibilidade de produtos** para a hixiene de mans (xabón ou solucións hidroalcohólicas) e para a limpeza / desinfección (deterxente habitual, lixivia ou outros produtos autorizados).

➤ **Evitar compartir** comida, bebida, ferramentas e outros obxectos como equipos e dispositivos de outros traballadores e de facelo hixienizalos previamente. Se non é posible, lavar as mans inmediatamente despois do seu uso.



➤ As **tarefas do persoal de limpeza** faranse con máscara e luvas desbotables (vinilo / acrilonitrilo). No caso de ser de látex, recoméndase o seu uso sobre luva de algodón.

➤ A **roupa de traballo** meterase nunha bolsa pechada para o seu traslado e lavarase con auga quente (60-90°C) cos deterxentes habituais.

➤ **Ventilar con máis frecuencia** os lugares de traballo e vixiar o correcto funcionamento e mantemento dos sistemas de ventilación ou climatización para garantir a renovación do aire.






• **Técnica do lavado de mans con auga e xabón** •




1 Humedecer as mans.



2 Aplicar suficiente xabón




3 Fregar palma sobre palma.



4 Fregar palma sobre dorso cos dedos entrelazados e viceversa.



5 Fregar palma sobre palma cos dedos entrelazados.



6 Fregar o dorso dos dedos sobre a palma oposta.




7 Fregar os polgares mediante un movemento rotatorio.




8 Fregar as xemas dos dedos sobre a palma da man contraria cun movemento circular.




9 Fregar cada pulso coa man oposta.




10 Aclarar con auga.



11 Pechar a billa co cóbado ou ben cunha toalla desbotable.




12 Secar cunha toalla de papel desbotable.



13 Este proceso debe levar entre 40 e 60 seg.


• **Técnica de hixiene das mans con preparacións alcohólicas** •



1  
Depositar na palma da man unha dose de produto suficiente para cubrir todas as superficies a tratar.




2  
Fregar as palmas das mans entre si.




3  
Estender o produto entre os dedos.




4  
Fregar as palmas das mans entre si, cos dedos entrelazados.



5  
Fregar o dorso dos dedos dunha man coa palma da man oposta, agarrándose os dedos.




6  
Fregar cun movemento de rotación o polgar esquerdo atrapándoo coa palma da man dereita, e viceversa.




7  
Fregar a punta dos dedos da man dereita contra a palma da man esquerda, facendo un movemento de rotación, e viceversa.



8  
Fregar cada pulso coa man oposta.



9  
Esperar ata que o produto se evapore e as mans estean secas (non use papel nin toallas)



10  
Este proceso debe levar entre 20 e 30 seg.



## USO DE MÁSCARAS E EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- Cómpre ter en conta que a forma óptima de previr a transmisión é usar unha **combinación** de todas as **medidas preventivas** e que os equipos de protección individual (**EPI**), de considerarse, serán un **complemento**.

- O uso de **máscaras hixiénicas** é preciso no transporte público e compartido, cando a distancia sexa menor a 2 metros ou así o valore o servizo de prevención.



- O uso de **máscaras cirúrxicas** só é recomendable para persoas enfermas ou sospeitosas de ter a enfermidade (aconselladas polo persoal sanitario) para reducir o risco de transmitir a infección a outras persoas. Colocar unha máscara cirúrxica a unha persoa coa enfermidade ou con sospeita de tela é a primeira medida para evitar o contaxio.

- Os **EPI** serán **adequados** ás actividades e **traballos** a desenvolver.

- O uso da máscara de protección individual **EPI (equipos filtrantes)** só é recomendable nos casos prescritos (para o sector de actividade ou por exposición directa). Será o servizo de prevención quen debe indicar o seu uso, tipo, tarefas e situacións nas que debas usalas.

- Cómpre insistir en que a mellor maneira de **reducir** calquera **risco de infección** é unha boa hixiene e respectar a **distancia de seguridade** de 2 metros con calquera persoa.

- **Usar e desbotar** as máscaras e os EPI de **forma adecuada** para previr a infección. Lavar sempre as mans antes de poñelos e despois de quitalos. Evitar igualmente tocar a cara cando se leven postos.

- É necesario **garantir a subministración** de material de protección, de xeito especial luvas e máscaras, segundo as indicacións do servizo de prevención de riscos laborais (especialmente ao persoal sanitario, de limpeza e o persoal de atención ao público).

## XESTIÓN DE RESIDUOS

- **Xestlonar** os residuos ordinarios **da forma habitual**.

- O **material de hixiene persoal** (máscaras e luvas) depositalo na fracción resto do lixo.

- Se existe **material contaminado por unha infección** na empresa a bolsa deberá ser colocada nunha segunda bolsa pechada e depositada na fracción resto.



